

11 Marzo de 2013 - Revista 910

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 9

BOLSAS E AXUDAS / 10

PREMIOS E CONCURSOS / 12

NOVAS DE EMPREGO / 14

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 17

EN PORTADA

Un total de 7 grupos e asociacións xuvenís da provincia de Lugo participaron no programa da Xunta 'Iniciativa Xove'



Martes, 05 Marzo 2013 07:01

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, reuniuse hoxe cos concelleiros da zona centro e sur de Lugo co obxectivo de impulsar as políticas de mocidade.

A temática destes sete proxectos foi moi diversa, pasando por accións de difusión do xadrez á utilización do surf con nenos e nenas con autismo.

As asociacións e entidades procedían de As Nogais, Sarria, Viveiro e Lugo capital (con 4 grupos).

Na zona centro e sur de Lugo hai un total de 340 establecementos adheridos ao carné xove e 3.286 usuarios.

Un total de 7 grupos informais e asociacións xuvenís da provincia de Lugo participaron en 2012 no **programa "Iniciativa Xove"**, un proxecto que ten como obxectivo apoiar proxectos liderados, executados e protagonizados por grupos de mozos e mozas. Esta liña de actuación disporá en 2013 de 730.000 euros para toda Galicia, un 3,5 por cento máis que en 2012.

Os beneficiarios procedían de As Nogais, Sarria, Viveiro e Lugo capital (con catro grupos). Todos os proxectos que presentaron foron de temática moi diversa, e centráronse desde en accións de difusión do xadrez ata na utilización do surf con nenos e nenas con autismo. Así o salientou hoxe o *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, que se reuniu cos concelleiros da zona centro e sur de Lugo co obxectivo de impulsar as políticas de mocidade na provincia, así como para promover os distintos programas e recursos que ten a *Consellería de Traballo e Benestar*.

Unha das iniciativas que salientou durante a súa xuntanza foi o do Carné Xove. Neste sentido, informou de que nestas dúas zonas de Lugo hai un total de 340 establecementos adheridos e contan con 3.286 usuarios.

Tamén puxo en valor os cursos do servizo *Quérote +*, que ofrecen formación en distintos centros sobre conflitos de imaxe corporal, seguridade nas redes sociais, sexualidade, consumo de drogas ou bullying. Durante o ano pasado, un total de 24 centros destas dúas zonas dispuxeron destes cursos.

Rodeiro destacou tamén a importancia da incorporación da mocidade a labores voluntarias, a través do **programa de Voluntariado Xuvenil**. A meta é incorporar un total de 3.000 mozos e mozas a proxectos voluntarios de asociacións e concellos, cun orzamento de 440.500 euros. En 2012, participaron nesta iniciativa un total de 7 concellos da provincia (Mondoñedo, Sarria, Piñor, Viveiro, Quiroga, Rábade e Guitiriz).

Por último, informou tamén doutros programas como o Galeuropa de mobilidade xuvenil, o Xuventude en acción, as axudas para o mantemento das oficinas municipais de información xuvenil, a campaña de verán ou o plan de formación.

Posta en marcha do proxecto Youth4JOB



Mércores, 06 Marzo 2013 10:25

Posta en marcha do **proxecto Youth4JOB**.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado puxo en marcha o proxecto Youth4JOB co que se pretende a identificación de boas prácticas e a análise da calidade dos proxectos europeos destinados para a mocidade nos ámbitos da educación e emprego.

Este proxecto está financiado no marco do **Programa comunitario para o Emprego e a Solidaridade de Social (PROGRESS)**; será coordinado pola cooperativa social italiana *PROMIDEA*, e ten como socios, ademais da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia*, o departamento de políticas para a mocidade e o *Foro Rexional da Cultura da rexión de Campania*, en Italia; a *Rede de Informadores da Mocidade IJCA*, de Côte d'Azur, en Francia; a *Autoridade Rexional para o Sureste SERA*, de Irlanda a *Axencia de Desenvolvemento para o Val do Ave (ADRAVE)*, de Portugal; o *Centro para o Desenvolvemento Rexional Helénico HRDC*, de Grecia; a *Asociación de Municipios ISD Noordenkwartier* de Holanda; a *Academia Marítima LMA de Letonia* e a *Axencia para a Innovación e a Cooperación Europea AIEC*, de Eslovaquia.

Nos estudos que forman parte do proxecto analizaranse as políticas de emprego e educación en catro sectores económicos: tecnoloxía da información e comunicación, espírito empresarial e autoemprego, turismo, sector marítimo e movementos migratorios.

No edificio da *Consellería de Traballo e Benestar* de San Lázaro tivo lugar o martes día 26 de febreiro a sesión de inicio do proxecto presidida pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado; a esta sesión asistiron representantes das entidades socias e nela estableceuse o plan de traballo, a metodoloxía e as tarefas que se deben desenvolver en cada país así como os aspectos financeiros.

Haberá un seminario internacional en Italia coincidindo co informe intermedio e unha conferencia final na sede da Xunta de Galicia en Bruselas na que se darán a coñecer os resultados dos estudos financiados polo proxecto.

Máis de 250 mozos e mozas beneficiaranse este ano das 5 accións formativas que Benestar ofertará no Espazo Xove de Curtis

Xoves, 07 Marzo 2013 00:00

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, reuniuse hoxe cos concelleiros da área de referencia desta instalación, que abrangue a comarca de Terras de Melide e concellos da zona de Arzúa, Ordes e Betanzos

Os cursos serán de carácter gratuito, impartiranse de xeito semipresencial e a inscrición realizarase a través da web: <http://xuventude.xunta.es>.

Entre as temáticas que se impartirán destacan as de elaboración de proxectos de animación sociocultural e turística ou sobre desenvolvemento comunitario.

O *Espazo Xove de Curtis* ten un carácter comarcal e atende ao redor de 500 mozos e mozas de idades comprendidas entre os 12 e 30 anos

Neste centro, ademais de cursos, ofértanse obradoiros de artes plásticas, informática e bailes, así como ioga e clases de guitarra, gaita e percusión

O *Espazo Xove de Curtis* ofertará este ano un total de 5 cursos de educación non formal para a mocidade, que sumarán máis de 400 horas lectivas. Desta iniciativa poderán beneficiarse ata 250 mozos e mozas, segundo destacou hoxe o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, quen se reuniu cos concelleiros da área de referencia desta instalación, que abrangue a comarca de Terras de Melide e concellos da zona de Arzúa (Boimorto e Arzúa), Ordes (Frades e Mesía) e Betanzos (Curtis, Aranga e Vilasantar), co obxectivo de impulsar as políticas de mocidade nestas áreas xeográficas, así como para promover os distintos programas e recursos que ten a Consellería de Traballo e Benestar.

As accións formativas serán gratuítas e impartiranse de xeito semipresencial. Os interesados en participar nestas actividades poderán inscribirse a través da web: <http://xuventude.xunta.es>. As accións formativas xirarán sobre temáticas de animación cultural; desenvolvemento comunitario; elaboración de proxectos de animación sociocultural e turística; inglés; e de información e orientación no ámbito formativo.

O *Espazo Xove de Curtis* forma parte da rede de 12 instalacións xuvenís que hai en Galicia, xunto con Lalín, Vilagarcía, Tui, Vilalba, Viveiro, Chantada, Betanzos, Carballo, Noia, Ourense e Pontedeume. O traballo destas instalacións céntrase no fomento e promoción de actividades socioculturais de carácter xuvenil, así como a difusión de información, documentación e asesoramento á mocidade.

O centro de Curtis ten un carácter comarcal. Atende ao redor de 500 mozos e mozas de idades comprendidas entre os 12 e 30 anos, aínda que o grupo de usuarios máis numeroso teñen entre 16 e 22 anos.

Ademais destas accións formativas oficiais, o Espazo Xove oferta outro tipo de actividades como obradoiros de artes plásticas, baile galego, de salón, break dance, ioga, guitarra, gaita, percusión, rondalla, canto coral ou de informática. A maior parte destas actuacións desenvólvense en colaboración coas asociacións xuvenís ou socioculturais da comarca.

Así mesmo, e ao longo deste ano, ofertará un servizo de información e asesoramento á mocidade en temas como actividades de lecer e tempo libre, busca de emprego, saídas académicas e profesionais e bolsas e axudas. Este centro tamén conta cunha aula de informática cun total de 12 ordenadores con conexión gratuíta a internet, servizo de impresión e zona wifi de libre acceso, así como un local de ensaio e gravación para grupos musicais.

Voluntariado e carné xove

No transcurso da xuntanza, o director xeral de Xuventude destacou a importancia da incorporación da mocidade a labores voluntarias, a través do programa de Voluntariado Xuvenil. A meta é incorporar un total de 3.000 mozos e mozas a proxectos voluntarios de asociacións e concellos, cun orzamento de 440.500 euros. En 2012, participaron nesta iniciativa os concellos de Curtis e Boimorto. Xunto a estes dous municipios, no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria están inscritos Aranga, Sobrado, Arzúa e Melide.

Rodeiro tamén salientou a iniciativa do Carné Xove, a tarxeta que permite aos seus titulares obter descontos e vantaxes tanto en Galicia, como no resto das comunidades autónomas, así como nos 40 países europeos adheridos ao *programa Carné Xove Europeo*. Arzúa e Boimorto conta con 73 usuarios e 6 establecementos adheridos; Aranga, Curtis e Vilasantar suman 44 usuarios e 5 locais; Frades e Mesía teñen 34 usuarios e os usuarios do carné na comarca de Terra de Melide ascenden a 76 usuarios e conta con 5 establecementos

adheridos.

O responsable da área autonómica tamén puxo en valor os cursos do servizo *Quérote +*, que ofrecen formación en distintos centros sobre conflitos de imaxe corporal, seguridade nas redes sociais, sexualidade, consumo de drogas ou bullying, ao tempo que informou doutros programas como o Galeuropa de mobilidade xuvenil, o Xuventude en acción, as axudas para o mantemento das oficinas municipais de información xuvenil, a campaña de verán ou o plan de formación.

EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Curso de "información xuvenil" en Santiago



Martes, 05 Marzo 2013 12:21

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un curso de información xuvenil semipresencial.

• Obxectivos do curso:

Dotar ao alumno dos recursos teórico-prácticos que lle permitan organizar e xestionar servizos de información xuvenil así como accións de dinamización da información de interese para a mocidade.

• Contidos:

1.- *Organización e xestión de servizos de información de interese para a xuventude.*

140 h: Análise da realidade xuvenil en distintas contornas. Aplicación de estratexias e contidos das políticas de mocidade. Organización de servizos de información xuvenil. Xestión de servizos de información xuvenil. Aplicación dos fundamentos da información xuvenil. Análise de procedementos aplicables ao proceso de información xuvenil. Estruturación do proceso de información xuvenil. Aplicación de recursos específicos da información xuvenil. Intercambios de experiencias. Procesos de innovación informativa.

2.- *Técnicas e estratexias de motivación á participación desde os servizos de información xuvenil. Utilización de espazos virtuais na información xuvenil.*

3.- *Análise de medios de comunicación e a súa utilización polos SIJ. Deseño e organización de campañas informativas para mozas.*
90 h. Prácticas nun SIX. 120 h.

• **Destinatarios/as:** Estudantes ou titulados en master de Xuventude ou master en estudos de Xuventude.

• **Criterios de selección:** a selección virá dada pola orde de presentación das solicitudes.

• **Número de horas:** 350 h. 230 h. teóricas e 120 horas prácticas.

• **Número de prazas:** 20

• **Modalidade de impartición:** semipresencial.

• **Lugar de impartición:** Facultade de Ciencias políticas e sociais da usc e centro coordinador de información e documentación xuvenil.

• **Datas de realización:** do 21 de marzo ao 10 de xullo.

• Convalidacións:

Os alumnos que teñan feitas ou recoñecidas prácticas en servizos de información xuvenil con máis de 120 horas seránlle convalidadas automaticamente.

As persoas que teñan feitas prácticas recoñecidas no master de Xuventude e sociedade ou no master de estudos de Xuventude por máis de 150 horas poderánselle recoñecer despois de ver a súa adecuación ou mediante a realización dun traballo complementario.

As persoas que teñan aprobada a asignatura de Xestión de Centros para a Xuventude e Servizos de Información Xuvenil, convalidarán-selle os 6 créditos, equivalente a 150 h. teóricas.

• **Data de inscrición:** do 5 ao 15 de marzo de 2013. Cubrir e enviar o seguinte formulario:

- Formulario de Solicitud: <http://xuventude.xunta.es/201209289940/informacion-xuvenil-santiago.html>.

Talleres de comunicación para xóvenes con carácter emprendedor



Mércores, 06 Marzo 2013 00:00

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, dentro do proxecto **EMPRENDE**, aprobado ao abeiro do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP), convoca varios talleres master class de comunicación para mozos e mozas co fin de facilitar a aprendizaxe e o manexo da comunicación nun entorno onde a información é continua e circula constantemente: saber comunicar para emprender un proxecto, para encontrar o traballo o que se aspira. Hoxe a actitude, a linguaxe e a motivación son a clave fundamental para calquera actividade de emprendemento.

O proxecto Emprende, financiado polo programa de cooperación transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal (POCTEP), ten como obxectivo principal fomentar a creación de empresas, de emprego e autoemprego para mozos e mozas, promovendo actividades que convertan o espazo de cooperación transfronteirizo nun marco atractivo para novas actividades económicas e empresariais.

• Obxectivo dos talleres.

Fomentar o espírito emprendedor da xuventude e a súa capacidade de comunicación. No desenvolvemento dos talleres búscase fortalecer a capacidade de convición para encontrar a cooperación e complicidade, para desenvolver as fortalezas, as capacidades, as actitudes que permitan aos participantes afianzar as súas ilusións presentes e desenvolver as súas ideas para o futuro que desexan.

Propóñense dous modelos de taller:

1) Comunicación e relacións humanas emprendedoras (4 horas)

Ten por finalidade manexar a nosa capacidade de comunicación nun entorno onde as relacións se establecen por confianza. Comunicar con precisión dando na clave.

No taller abordarase a importancia da comunicación desde unha posición de linguaxe e de relacións humanas, a psicoloxía e socioloxía desde unha posición sinxela e práctica, a expoñer a capacidade no linguaxe verbal e non verbal, traballarase a comunicación para ser mais eficaces e o reforzo de actitudes para ser mais influentes.

2) Comunicación para falar en público (4 horas)

Ten por finalidade saber defendernos ante calquera situación onde teñamos que falar en público con fortaleza e seguridade.

Poder afrontar as situacións de liderado emprendendo, ao fronte do tecido asociativo xuvenil e/ou para acadar un traballo.

Abordará entre outros temas: si queres emprender un proxecto con éxito, si queres encontrar o traballo ao que aspiras e na empresa que soñas, si queres levar a cabo un proxecto social. Expoñer con actitude e linguaxe adecuados, motivación e paixón son a clave.

• Destinatarios:

Preferentemente mozo e mozas entre 18 e 35 anos.

• Datos e lugares de realización:

1) Taller comunicación e relacións humanas emprendedoras:

-15 de marzo, Espazo Xove de Tui (Rúa Sanz, 28)

-18 de marzo, Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Santiago de Compostela (Praza do Matadoiro s/n)

-20 de marzo, Espazo Xove de Lalín (r/ Pena Torre, 2)

-2 de abril, Espazo Xove de Vilagarcía de Arousa (r/ Juan Carlos I, 37)

-3 de abril, Residencia Florentino López Cuevillas de Ourense, (dirixido a residentes)

• **Horario:** os talleres impartiranse en horario de tarde de 16.30 h a 20.30 h

2) Taller de comunicación para falar en público:

-20 de marzo, Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Santiago de Compostela (Praza do Matadoiro s/n)

-21 de marzo, Espazo Xove de Lalín (r/ Pena Torre, 2)

-22 de marzo, Espazo Xove de Tui (Rúa Sanz, 28)

-04 de abril, Espazo Xove de Vilagarcía de Arousa (r/ Juan Carlos I, 37)

-05 de abril, Espazo Xove de Ourense (r/ Celso Emilio Ferreiro, 22)

• **Horario:** os talleres impartiranse en horario de tarde de 16.30 h a 20.30 h, agás o Espazo Xove de Ourense que será de mañá de 10.30 h a 14.30 h

• Inscricións:

Número máximo de prazas 25, mínimo 10 por taller.

As persoas interesada poderán facer a inscrición desde o día 6 de marzo de 2013 e ata cubrir a totalidade das prazas enviando o formulario que está a continuación.

As prazas serán cubertas por rigoroso orde de inscrición. Os participantes seleccionados recibirán un correo de confirmación.

Non ten custo para os participantes.

Para mais información : mobilidadexuvenil@xunta.es

Teléfonos: 981 545 822 e 981 545 702

- Formulario de solicitud: <http://xuventude.xunta.es/201209289920/cursos-de-conducion-segura-conduce-ti.html>

Curso de Desenvolvemento Comunitario no Espazo Xove de Curtis



Martes, 05 Marzo 2013 09:00

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a través do Espazo Xove de Curtis, convoca un curso de Desenvolvemento Comunitario.

- **Obxectivo:** Proporcionarlle uns coñecementos básicos sobre proxectos de intervención e recursos no desenvolvemento comunitario, dirixido as mozas e mozos interesados na temática.

- **Contidos:**
Intervención comunitaria.

Desenvolvemento de proxectos de intervención comunitaria e Recursos no desenvolvemento comunitario.

- **Duración:** 80 horas. Do día 1 de abril ao 9 de maio de 2013.
- **Persoal ó que vai dirixido:** Mozos e mozas de 18 a 30 anos posuidores do carné xove.
- **Criterios de selección:** Por orde de inscrición.
- **Nº de prazas:** 25
- **Metodoloxía:** O curso realízase na modalidade a distancia, con un exame presencial que terá lugar no Espazo xove de Curtis (Casa da Xuventude de Curtis) o día 9 de maio ás 17:00 horas.
- **Prazo e lugar de inscrición:** O prazo de inscrición remata ás 14.00 horas do día de 22 de marzo de 2013. As solicitudes realizaranse a través do formulario que figura a continuación.

-Solicitude e Formulario: <http://xuventude.xunta.es/201209289933/desenvolvemento-curtis.html>

- Máis información:

Espazo xove de Curtis

Teléfono: 981.786.477

Correo electrónico: cxcurtis.traballo@xunta.es

Estrada Estación s/n, 15310 - Curtis, A Coruña

Curso de 'Inglés para Viaxar' en Santiago



Martes, 05 Marzo 2013 08:13

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un curso de Inglés para Viaxar, dentro do **Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2013**.

O curso celebrarase no Centro Coordinador de Información Xuvenil, en Santiago de Compostela.

- **Obxectivo do curso:** desenvolver a competencia comunicativa en relación co uso da lingua inglesa en contextos de mobilidade.

- **Destinatarios/as:** mocidade entre 18 e 30 anos de idade, que dispoñan do Carné Xove, e con coñecementos previos de inglés a nivel Bacharelato (nivel B1) ou ESO (nivel A2).

- **Criterios de selección:** a selección virá dada pola orde de presentación das solicitudes e de acordo coas seguintes prioridades.

1º-) Solicitantes que acrediten un nivel B1 de lingua inglesa: estudos de Bacharelato, Ciclo Medio de Formación Profesional, Ciclo Superior de Formación Profesional, estudos nas Escolas Oficiais de Idiomas.

2º-) Solicitantes que acrediten un nivel A2 de lingua inglesa: estudos de ESO ou equivalentes.

- **Número de horas:** 20 (12 horas de clases presenciais, divididas en 8 sesións de 90 minutos de duración, e 8 horas de clases a distancia).

- **Número de prazas:** 20

- **Contidos:**

- Planning your trip - Looking for accommodation - Moving around - Eating out - What's on?

- **Modalidade de impartición:** semipresencial.

- **Lugar de impartición:** Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil en Santiago de Compostela.

- **Datas de realización:** do 4 ao 30 de abril. Martes e xoves de 12.00 a 13.30 horas.

- **Data de inscrición:** do 5 ao 20 de marzo de 2013. Cubrir e enviar o seguinte formulario.

- Formulario de Solicitude: <http://xuventude.xunta.es/201209289928/ingles-para-viaxar.html>

Erasmus para mozos emprendedores



Erasmus Jóvenes Emprendedores

Mércores, 06 Marzo 2013 11:10

O **Programa Erasmus para Mozos Emprendedores** é un programa de intercambios transnacionais que ofrece a emprendedores noveis e persoas que desexan crear unha empresa a oportunidade de aprender de empresarios experimentados que dirixen pequenas empresas noutros países da Unión Europea.

Podes consultar as bases do programa, as *historias de éxito* (<http://www.erasmus-entrepreneurs.eu/page.php?cid=9>) e *testemuños* (http://www.erasmus-entrepreneurs.eu/press/100630_EYE_

[Testimonies_4c373582aa00e.pdf](#)) doutros participantes na páxina web: www.erasmus-entrepreneurs.eu.

Gañador de 2 prazas para o programa de multiaventura Roteiros Multiaventura Desafío co Carné Xove



Venres, 08 Marzo 2013 11:38

O gañador do sorteo realizado este venres, 8 de marzo, dentro do programa do Carné Xove, e no que o premio consistía nun lote de 2 prazas para o programa de **Multiaventura Roteiros Multiaventura Desafío**, foi:

HUGO COSTAS DÍAZ

- **Empresa organizadora:** Desafío Ocio

- **Data:** 14 abril

• **Lugar:** Serra de Outes

Máis información aquí: <http://xuventude.xunta.es/201301179490/promocions-carne-xove-roiteiros-multiaventura-desafio.html>

NORABOA!!!!

Queres ir ao cine co Carné Xove?



Venres, 08 Marzo 2013 11:52

Esta semana sorteamos 2 lotes de 2 entradas para os Cines Filmax de A Coruña e Lalín.

CINESFILMAX

Filmax Coruña

Los Cantones Village

Avda. Alférez Provisional, 3 - 15003, A Coruña

Filmax Pontiñas

Rúa Carballeira da Botica, 36500 - Lalín

Para participar nestes sorteos terás que contestar ás preguntas que aparecen nos formularios de participación, relacionadas cos Cines Filmax.

As respostas as atoparás visitando as páxinas do facebook dos Cines Filmax:

- A Coruña: www.facebook.com/cinesfilmaxacoruna3d, pulsa me gusta e busca a resposta.

Podes participar enviando xa o formulario e ata as 9.00 h do día 15 de marzo de 2013.

- Formulario para participar no sorteo dun lote de 2 entradas para os Cines Filmax Coruña:

<http://xuventude.xunta.es/20101119586/sorteo-programa-carne-xove-cines-filmax-de-a-coruna.html>

- Formulario para participar no sorteo dun lote de 2 entradas para os Cines Filmax Pontiñas (Lalín):

<http://xuventude.xunta.es/20101119585/sorteo-programa-carne-xove-cines-filmax-de-lalin.html>

O **sorteo** terá lugar o venres, **15 de marzo de 2013**


Aquí podes consultar as bases do sorteo: http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/carnes_mocidade/bases_sorteo_carne_xove.pdf.

'Circuito de creatividade' na Eurocidade Chaves-Verín



Venres, 08 Marzo 2013 13:30

A sede da *Eurocidade Chaves-Verín* (antigua aduana de Feces de Abaixo) acollerá ata o vindeiro 1 de abril a exposición 'Circuíto de creatividade', conformada por obras de oito artistas lusos e galegos. O Circuíto de Creatividade enmárcase no Espazo Xuvenil Transfronteirizo, dirixido pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e polo Instituto Português do Desporto e da Juventude (IPDJ), dentro do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 200-2013 (POCTEP).



PROGRAMA
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA
ESPAÑA ~ PORTUGAL
COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA
2007 - 2013

O principal obxectivo do proxecto é promover a cooperación institucional en materia de políticas de xuventude, para que os/as mozos/as se queden a vivir e a traballar na zona transfronteiriza galego-portuguesa. Nesta mostra participan autores como Andrea Valado Díaz, Tania Pérez Arribas, Aída Rodríguez Donoso, Jacobo Lorenzo Nespereira, Joan Morera Arbones, Lis María García Calvo, Hugo Moreira Flores e Inês Bravo.

Esta iniciativa conta coa colaboración de entidades que apoian unha nova liña actuación de promoción do espírito emprendedor da xuventude galega e portuguesa, co fin de manifestar a súa disposición a participar naquelas actividades de interese para os/as mozos/as e a sociedade en xeral, e poñendo a disposición a mobilización de recursos e coñecemento para o bo desenvolvemento de actuacións

relacionadas co seu ámbito de traballo.

A Eurocidade Chaves-Verín é un proxecto de cooperación transfronteiriza aprobado no ámbito do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP), coa participación financeira da Unión Europea (cofinanciamento FEDER).

Proxecto Nacce

Venres, 08 Marzo 2013 13:32

O vindeiro xoves 14 de marzo, a partires das 9:15 horas da mañá, terá lugar na *Escola Galega de Administración Pública (EGAP)*, sita no Polígono das Fontiñas, Rúa de Madrid, 2 - 4, 15707, Santiago de Compostela, a xornada de peche do **"Proxecto Nacce"** (núcleo de apoio á competitividade e á creación de empresas TIC).

Nesta xornada presentarán os seus proxectos os mozos e as mozas emprendedoras TIC xurdidas ao abeiro deste proxecto. Ademais tamén intervirán Alfonso Pérez Pereira promotor de ESPAFIL e Andrés Mazaira Castro, promotor de Bridge Mediatech, S.L.

Achégase ligazón de acceso ao programa da xornada, para a súa consulta, e na que se poderá facer a inscrición na mesma:

<http://www.nacce.es/>

Curso de recursos turísticos



Luns, 11 Marzo 2013 00:00



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia convoca un curso de recursos turísticos que se realizará na Oficina transfronteiriza de información xuvenil da Eurocidade Chaves- Verín, contando coa colaboración de entidades que apoian unha nova liña de actuación de promoción do espírito emprendedor da xuventude, e que programan actividades dirixidas aos mozos e mozas que precisan dunha formación adicional para emprender unha actividade. Nos últimos anos, o noroeste da Península Ibérica, foise posicionando como destino turístico, non só a niveis nacionais, senón tamén a niveis europeos. O sector turístico é unha vía aberta para zonas descoñecidas e con un gran potencial turístico cultural como é Galicia e norte de Portugal.

Esta actividade está enmarcada dentro do proxecto EUROCIDADE II, aprobado ao abeiro do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP), na que son socios a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia, o Instituto Português do Desporto e Juventude, o Concello de Verín e a Câmara Municipal de Chaves.

• Obxectivo:

Ten por finalidade amosar aos participantes, de forma eminentemente práctica, as posibilidades, novas tendencias e a evolución do sector, para que os mozos e mozas creen as súas propias empresas e se queden a vivir e a traballar na zona transfronteiriza galego-portuguesa, contribuíndo ao desenvolvemento da mesma.

- **Destinatarios/as:** mozos e mozas galegos/as e portugueses/as en situación de desemprego ou en proceso de formación con idades comprendidas entre 18 e 30 anos.
- **Selección:** por orde de inscrición.
- **Número de prazas:** 20 participantes
- **Duración:** 60 horas (28 lectivas e 32 de prácticas)
- **Lugar de impartición:** Oficina da Eurocidade Chaves-Verín, antigo Posto Fronteirizo sito en Feces de Abaixo
- **Datas e horario:** realizárase entre o día 2 e o 11 de abril en horario de mañá e tarde de 10:00 h a 14:00 h e de 16:00h a 20:00 h
- **Data de inscrición:** Do 11 ao 27 de marzo de 2013, mediante formulario electrónico.

- Máis información en:

Teléfonos: 981 541 688 ou 981 544 854, de 9:00 a 14:00 horas


Correo electrónico: xuventude@xunta.es

Os/as seleccionados/as comunicárase a súa admisión por correo electrónico.

- Programa do curso: <http://xuventude.xunta.es/uploads/PROGRAMA20CURSOcx1.pdf>

- Formulario: <http://xuventude.xunta.es/201209289962/curso-de-recursos-turisticos.html>

Estadías nas residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño



Luns, 11 Marzo 2013 07:39

A Consellería de Traballo e Benestar convoca estadías nas residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño para o ano 2013, sitas nas localidades de Panxón-Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense)

- **Persoas destinatarias:** persoas maiores de idade, ou menores sempre que vaian acompañados/as dos/as seus/súas proxenitores/as ou titores/as legais, que teñan a súa residencia en territorio español. Igualmente poderán acollerse a esta orde os/as galegos/as residentes no exterior.

O servizo de residencia consistirá no aloxamento e mantenza en réxime de pensión completa durante a quenda adxudicada ás persoas beneficiarias.

As solicitudes poden tramitarse en: <https://sede.xunta.es> co procedemento BS419A.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **1 de abril de 2013**.

Máis información no DOG do 11 de marzo de 2013

O Circuito da Creatividade 2013 estará no mes de marzo Espazo Xove de Carballo

Luns, 11 Marzo 2013 09:06

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado puxo en marcha novamente no 2013 o **Circuíto de Creatividade** coa finalidade de dar a coñecer os traballos gañadores do certame de creadores novos, **Xuventude Crea**.

No 2013 o Circuíto da Creatividade iniciou a súa andaina no Centro Coordinador de Información Xuvenil, en Santiago. Agora durante o mes de marzo as exposicións itinerantes coas obras gañadoras das especialidades de artes plásticas (pintura, escultura e fotografía) estarán presentes no *Espazo Xove de Carballo*.

Ata o 2 de abril todos/as os/as interesados/as poderán coñecer de primeira man os traballos de artistas gañadores na especialidade de artes plásticas do certamen de creadores novos **Xuventude Crea 2009 e 2010**.

Os **premiados** da edición do 2009 foron:

1º premio: **Beatriz Suárez Saa**, coa obra de pintura **"Autoretrato"**

2º premio: **Rodrigo Currás Torres** co traballo de escultura **"Monte queimado, monte fechado"**

3º premio: **Julia Aranda Girón**, coa obra **"Sen título"** (fotografía)

E no 2010 os gañadores foron:

1º premio: **Miguel Cuba Taboada**, coa obra **"Nova Babilonia"** (pintura)

2º premio: **Sheila Pazos Silva**, co traballo **"Sen título"** (escultura)

3º premio: (compartido):

Pablo Rodríguez Barreiro, coa obra **"Brain Storm"** (escultura)

Marta González Suárez, coa obra **"Suspensións"** (fotografía)

Promocións Carné Xove: Roteiros Mergúllate na Rede Natura



Luns, 11 Marzo 2013 09:08

O *Val Miñor* é sen lugar a dúbida un dos espazos da Comunidade Galega cun entorno natural que merece a pena descubrir e gozar. Con este programa daremos a coñecer un *Val Miñor* distinto, non só de sol e praia senón un lugar no que se conxugan espazos naturais protexidos (os *LIC Rede Natura Illas Estelas e Esteiro de Ramallosa*), con paisaxes protexidas como a de *Monteferro* ou o *ENIL Complexo Dunar Praia América Panxón*.

Tamén gozaremos dun amplo patrimonio arqueolóxico (petróglicos e castros de *Panxón*), etnográfico (cruceiro da *Santa Trindade S.XV*, pontes románicas, muíños, hórreos, petos de ánimas) e cultural internándonos na cultura mariñeira, mostrando actividades marisqueiras e poxas na lonxa. Todo este programa completárase con actividades deportivas como Kaiak, Surf e Sendeirismo que serán a guinda desta incomparable paisaxe natural.

• Instalacións:

- › Bungalow Cámping Praia América.
- › Situada en Praia América, no municipio de Nigrán, a 15 Km de Vigo.
- › Cafetaría, autoservicio, aparcadoiro, salas de estar, TV e vídeo, biblioteca, parking, sala de xogos, pistas polideportivas, piscinas, recinto axardinado, internet inalámbrico (Wi-Fi), etc

• Número de prazas:

- › Grupos de 30 persoas por cada fin de semana.
- › Mínimo de 15 persoas.

• Datas de realización:

- › Fins de semana de Abril e Maio.
- › Xuño, Xullo, Agosto e Setembro tamén entre semana.

• Actividades:

- › Ruta de Sendeirismo Orientación na Rede Natura de Monteferro.
- › Ruta Interpretativa O Ecosistema Dunar Praia América Panxón.

- › Avistamento de aves na Foz do Miñor, outro espazo Rede Natura.
- › Gynmkana Mariñeira na vila Real de Baiona. Descubre a súa historia.
- › Actividades mariñeiras: visita ás bateas, lonxa e marisqueo de a pé.
- › Ruta en kaiak
- › Surf na praia de Patos.

• Equipamento necesario:

Cómpre levar, ademais de roupa de abrigo, útiles de aseo persoal e unha toalla, o seguinte:

- › Calzado cómodo
- › Chuvasqueiro
- › Gafas de sol
- › Protector solar
- › Viseira

• Cobertura das actividades:

- › Pernocta e aloxamento en Bungalows de 5 persoas entre o venres á tarde e o domingo á tarde.
- › Manutención completa (cea do venres; almorzo, xantar e cea do sábado e, almorzo e comida do domingo).
- › Actividades con monitores biólogos especialistas en educación ambiental e monitores de cada especialidade deportiva.
- › Materiais para as distintas actividades tales como prismáticos, compases, mapas, chalecos, neoprenos, etc

PROGRAMA DE ACTIVIDADES		
Venres	19:00 – 20:00 h	Recepción de participantes.
	20:30 h	Reunións informativas sobre o programa
	21:00 h	Cea
	22:00 h	Velada nocturna
Sábado	8:30 h	Espertar
	9:00 h	Almorzo
	10:00 – 12:00 h	Ruta en Kaiak ás bateas. “CLUB PIRAGÜISMO VAL MIÑOR FRIOYA”
	12:00 – 14:00 h	Visita Interpretativa Ecosistema Dunar Praia América Panxón. Avistamento de aves
	14:00 – 16:00 h	Xantar e lecer
	16:00 – 17:00 h	Ruta dos Mariscadores
	17:00 – 18:00 h	Visita á Lonxa de Baiona. Asistencia á poxa
	18:00 – 20:00 h	Gymkana Cultural en Baiona
	20:00 – 20:45 h	Retorno á Residencia
	21:00 – 22:00 h	Cea

Domingo	8:30 h	Esptar
	9:00 h	Almorzo
	10:00 – 14:00 h	Ruta de Sendeirismo por Monteferro. Orientación
	14:00 – 16:00 h	Xantar
	16:00 – 18:00 h	Surf na praia de Patos. “Prado Surf Escola”
	18:30 h	Remate e despedida

• **Cota de inscrición:**

A Cota de inscrición será de: **120 euros**. Desconto Carné xove: 20%. Prezo con desconto: **96 euros**.

• **Inscripcións e mais información:**

babadiva.ambiental@gmail.com. Móbil: 618 32 00 33.

Máis información: http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2013/marzo2013/Programa_Mergullate_na_Rede_Natura.pdf

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Aula Mentor



Martes, 05 Marzo 2013 11:10

Aula Mentor é unha iniciativa de formación aberta, flexible e a través de Internet, promovida polo *Ministerio de Educación, Cultura e Deporte*.

Todos os cursos de Aula Mentor se encontran agrupados por áreas formativas: Informática e internet, redes e equipos informáticos, deseño e autoedición, instalacións, certificación académica Cisco, ofimática, programación, ecoloxía, deseño web, medios audiovisuais, saúde, educación, carácter profesional, emprendedores, enerxía, cultura e formación xeral.

A matrícula pode realizarse durante todo o ano (exceptuando agosto) na aula elixida polo alumno/a, en Galicia existen aulas en todas as provincias.

O **prezo** dos cursos é de **24 euros mensuais** (poden darse variacións dependendo da aula).

Cada curso ten unha duración mínima en función do número de entregas ao titor. Unha vez que o alumno finaliza todas as actividades do curso, logo de autorización do seu titor, pode presentarse a exame e obter un certificado de aproveitamento se o supera.

Podes encontrar toda a información en a páxina web: <http://www.mentor.mec.es/>

NOVAS FORMACION

CURSOS TEMPO LIBRE



Martes, 05 Marzo 2013 14:48

A *Escola de Tempo Libre Actex* vai impartir un curso de monitores de actividades de tempo libre en Vigo (R/García Barbón nº 36, 3º-ofic. 2) do 08/04/2013 ao 03/06/2013. Máis información no teléfono: 886 125 998.

Curso de Director de Tempo Libre en Lugo



Martes, 05 Marzo 2013 14:58

A *Escola Lucense de Tempo Libre* modifica o cronograma do curso de directores de tempo libre que vai facer en colaboración co *Concello de Lugo*, plantexada en primeiro lugar do 09/03/2013 ao 11/05/2013, quedando a súa temporalidade comprendida do 16/03/2013 ao 18/05/2013. Máis información no teléfono: 629 273 151.

Curso de monitor de tempo libre Santiago de Compostela



Xoves, 07 Marzo 2013 12:42

O *Departamento de Xuventude do Concello de Santiago* e a *Escola de Tempo Libre Don Bosco* convoca un curso de monitor de tempo libre.

A actividade ten dúas fases: unha teórica de 200 horas e unha práctica de 150 horas.

• **Data de realización:** do 27 de xuño ao 1 de agosto.

• **Destinatarios:** Mozos a partir de 18 anos, preferentemente empadroados no Concello de Santiago.

• **Prezo:** 170 € empadroados en Santiago e 270 non empadornados

• **Preinscrición:** Debes entregar un impreso no *Rexistro Xeral del Consello de Santiago* (Rúa Presidente Salvador Allende) ou no Rexistro auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche (Rúa Frei Rosendo Salvado, n.º 14-16) do 25 de febreiro ao 3 de maio, de 9 a 14 h.

Mais información: dptoxuventude@santiagodecompostela.org. Tel. 981 543 002

Curso de Monitor de Tempo Libre



Xoves, 07 Marzo 2013 14:24

A *Escola de Tempo Libre Cruz Vermella* vai impartir un **curso de monitores de actividades de tempo libre** na Casa da Cultura de Oleiros do 05/04/2013 ao 09/06/2013.

Máis información no teléfono: 981 221 000

Cursos de Monitor de Tempo Libre



Venres, 08 Marzo 2013 14:50

A *Escola de Tempo Libre Pasatempos* vai impartir **dous cursos de monitores de actividades de tempo libre**:

- 1º) En Pontevedra en colaboración co *Casino Mercantil e Industrial* de Pontevedra do 23 de marzo ao 16 de xuño.
- 2º) En Vigo do 6 de abril ao 16 de xuño.

Máis información:
Tel.: 693 603 349.
E-mail: pasatemposetl@yahoo.es
Web: www.pasatemposetl.com

Curso de Monitor de Tempo Libre



Venres, 08 Marzo 2013 14:55

A *Asociación Xuvenil Abril* vai impartir un **curso de monitores de actividades de tempo libre** na Casa da Xuventude de Ribeira do 23 de marzo ao 16 de xuño.

• **Inscripcións:** aociacionabril@hotmail.com
Máis información no teléfono: 620 438 575

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Axudas para estudos universitarios por causa sobrevida



Mércores, 06 Marzo 2013 08:54

A *Consellería de Cultura e Educación* convoca (http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130306/AnuncioG0164-260213-0002_gl.html) axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, no curso académico 2012-2013, nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas que lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

• Requisitos dos solicitantes:

- a) Necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa sobrevida ou imprevista (orfandade absoluta, falecemento pai/nai/titor legal, desemprego sustentador principal, enfermidade grave, violencia de xénero cara el/ela ou o seu proxenitor/a, vítimas de actos terroristas, separación, divorcio, ruína ou quebra familiar e outras circunstancias non recollidas que sendo xustificadas repercutan na situación socioeconómica familiar).
- b) Que a situación sobrevida ou imprevista acontecese durante o actual ano académico 2012-2013.
- c) Estar matriculado, no curso académico 2012-2013, como mínimo en 50 créditos, en estudos universitarios presenciais conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico en calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- d) Que a renda per cápita da unidade familiar non sexa superior ao importe anual da pensión non contributiva individual para o ano 2013, é dicir 5.108,60 € (425,72 € mensuais, incluída nesta contía a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias).
- e) Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

O **prazo de presentación** de solicitudes permanecerá aberto ata o **1 de setembro de 2013**.

As solicitudes poden presentarse en: sede.xunta.es co procedemento ED433A.

Máis información no DOG do 6 de marzo de 2013 e en: www.edu.xunta.es.

Convocadas 'Becas Iberoamérica. Estudiantes de grado. Santander Universidades'

Venres, 08 Marzo 2013 12:40

A *Universidade da Coruña* e o *Banco de Santander*, convocan 15 bolsas para o curso 2013-2014 para realizar unha estadia semestral en universidades iberoamericanas.

As bolsas teñen por obxecto o fomento da mobilidade internacional de estudantes españois de grao e licenciatura como contribución a configuración do Espazo Iberoamericano de coñecemento. As bolsas están dotadas con 3.000 euros cada unha, e son en universidades de Chile, Brasil e México. Entre os requisitos é obrigatorio estar matriculado na Universidade da Coruña o curso 2013-14.

O **prazo de presentación** de solicitudes é ata o **30 de abril de 2013**.

Máis información: www.udc.es.

de 1.º e 2.º ciclo.

Teren unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 7,00 puntos, para alumnos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde; e 6,00 puntos, para alumnos da rama de Enxeñaría e Arquitectura.

O curso de idiomas debe ter unha duración mínima de tres semanas, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **6 de abril de 2013**.

As solicitudes poden presentarse en: <https://sede.xunta.es> co procedemento ED416A

Máis información no DOG do 6 de marzo de 2013 e en: www.edu.xunta.es.

BOLSAS E AXUDAS IDIOMAS

Bolsas para cursos de idiomas no estranxeiro



Mércores, 06 Marzo 2013 07:45

A *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* convoca 113 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea, durante o verán de 2013, co obxecto de coñecer a lingua dese país, dirixidas ao alumnado universitario matriculado nalguna das tres universidades do sistema universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED en Galicia, para o curso 2012/2013 (http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130306/AnuncioG0164-260213-0001_gl.html).

As actividades para as que se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, única e exclusivamente, entre o **1 de xuño e o 30 de setembro de 2012**.

A dotación económica asignada a cada beneficiario será de **1.100 euros**.

• Requisitos:

Estar *matriculado/a no curso 2012/2013*, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira, en calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia, ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico.

Ter superado no momento de presentación da solicitude 60 créditos en titulacións de 1.º ciclo ou 120 créditos en titulacións de grao e

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsa de xornalismo para a Deputación de Lugo



Martes, 05 Marzo 2013 09:00

A *Deputación de Lugo* convoca unha **bolsa de xornalismo**, unha bolsa formativa para colaborar no **Programa Formativo de Cultura e Xornalismo** para o ano 2013/2014 (http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0_7807_1.pdf#PAGE=2).

A bolsa terán unha duración de 12 meses.

O importe da bolsa é de 10.416,64 €.

• Requisitos:

- Ser licenciado/a ou ter Grao en Xornalismo.

- Ser licenciado /a ou ter Grao en Comunicación Audiovisual

- Ser licenciado/a ou ter Grao en Publicidade e Relacións Públicas.

- Coñecementos en lingua galega (Celga 4): nivel oral e escrito

- Ter experiencia en materia de Xornalismo e Cultura

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **15 de marzo de 2013**.

Máis información no BOP de Lugo do 5 de marzo de 2013 e en: www.deputacionlugo.org.

Bolsa de Memoria Histórica na Deputación de Lugo



Martes, 05 Marzo 2013 09:16

A *Deputación de Lugo* convoca unha **bolsa formativa** para colaborar no programa formativo de Memoria Histórica para o ano 2013/2014 (http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0_7807_1.pdf#PAGE=10).

A bolsa terá unha duración de 12 meses.

O **importe** da bolsa é de **10.416,64 euros**.

• **Requisitos:**

- Ser licenciado/a Historia ou Grao en Historia
- Ser licenciado/a en Humanidades ou Grao en Humanidades

- Ter coñecementos informáticos.
- Ter experiencia en materia de investigación no campo da Memoria Histórica
- Ter coñecementos en lingua galega

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **15 de marzo de 2013**.

Máis información no BOP de Lugo do 5 de marzo de 2013 e en: www.deputacionlugo.org.

BOLSAS E AXUDAS OUTRAS

Axudas económicas a galegos residentes no exterior



Luns, 11 Marzo 2013 08:26

A *Secretaría Xeral da Emigración* convoca un programa de axudas económicas individuais e de carácter social para o ano 2013.

Vai dirixido aos emigrantes de orixe galega que posúan a nacionalidade española e a determinados familiares, residentes no estranxeiro, que se encontren en situación de precariedade económica. Estas axudas están destinadas a cubrir necesidades básicas de subsistencia e a atención sociosanitaria.

O **prazo de presentación** de solicitudes estará aberto ata o **20 de abril de 2013**.

As solicitudes poden tramitarse en: <https://sede.xunta.es> co procedemento PR925A

Máis información no DOG do 11 de marzo de 2013 e en: <http://emigracion.xunta.es>.

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

XI Certame de Fotografía Ambiental do Concello de Arteixo



Martes, 05 Marzo 2013 07:51

O *Concello de Arteixo* convoca o **XI Certame de Fotografía Ambiental** (http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2013/03/05/2013_0000002401.html).

O obxecto do certame é a realización de fotografías con contidos que ilustren aspectos ambientais do Concello de Arteixo.

Poderán participar no certame todas aquelas persoas que o desexen, presentando unha fotografía por concursante.

As fotografías presentaranse obrigatoriamente en papel fotográfico, cun tamaño mínimo de 20x25 cm. e máximo de 30x40 cm. e irán centradas e montadas sobre unha cartolina de 40x50 cm. branca ou negra.

Queda a libre elección dos participantes o tipo de técnica a empregar (analóxica ou dixital) e a modalidade branco e negro ou cor. Así mesmo, deberase achegar unha copia nun CD, en formato JPEG, PNG ou TIFF, da fotografía cunha resolución mínima de 200 ppp e tamaño mínimo 10x15 cm.

Si algunha das fotografías presentadas recollera primeiros planos, deberase, con carácter xustificativo, presentar unha fotografía dixital anexa (JPEG, PNG ou TIFF), cunha vista o suficientemente ampla onde se recolla o primeiro plano e no que se constate que foi tomada no Concello de Arteixo.

• **Premios:**

1º Premio: 800 €

2º Premio: 600 €

3º Premio: 400 €

O **prazo** para enviar as fotografías estará aberto ata o **24 de maio de 2013**.

As obras serán expostas na "**Sala de Exposicións**" do Centro Cívico de Arteixo desde o 5 ao 15 de xuño de 2013.

Máis información no BOP da Coruña do 5 de marzo de 2013 e na OMIX de Arteixo, teléfono 981 602 413

XX Certame literario de poesía e narración breve, Cambre 2013

Martes, 05 Marzo 2013 08:16

O *Concello de Cambre* convoca o **XX certame literario de poesía e narración breve** (http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2013/03/05/2013_0000002416.html).

Poderá participar neste certame calquera moza/-o de idade comprendida entre os 12 e os 26 anos, segundo as seguintes categorías:



Categoría A: de 12 a 14 anos

Categoría B: de 15 a 18 anos

Categoría C: de 19 a 26 anos

O **prazo** para entregar os traballos estará aberto ata o día **12 de abril de 2013**.

Cada participante poderá presentar unha proposta a calquera das dúas modalidades: *Poesía e Narración breve*. Na modalidade de poesía presentaranse tres poemas como mínimo, de tema e forma

libres. Na modalidade de narración breve a extensión máxima será de cinco DIN-A4 e o tema libre.

Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados.

Deberán estar escritos con ordenador, en papel de tamaño DIN-A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12, por unha soa cara; paxinados e sen asinar. Entregaranse orixinal e cinco copias nun sobre no que figure: **XX CERTAME LITERARIO**, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado levará xunto un sobre pechado no que, por fóra, deberán figurar os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI, e a ficha de inscrición cuberta e asinada, que contén datos persoais e fiscais.

Os traballos poderán presentarse persoalmente nas administracións dos Institutos ou ben seren enviados por correo ordinario a:

Concello de Cambre – Área de Cultura e Turismo
Río Barcés, 8. 15660 - Cambre, A Coruña

Haberá dous premios por categoría e modalidade:

Categoría A	<u>1º Premio:</u> 173 €
	<u>2º Premio:</u> 128 €
Categoría B	<u>1º Premio:</u> 218 €
	<u>2º Premio:</u> 150 €
Categoría C	<u>1º Premio:</u> 300 €
	<u>2º Premio:</u> 173 €

Máis información no BOP da Coruña do 5 de marzo de 2013 e na OMIX de Cambre, teléfono 981 613 170

MANGO Fashion Awards

Xoves, 07 Marzo 2013 11:18

Os *premios MANGO Fashion Awards* ofrecen aos novos deseñadores de todo o mundo a oportunidade de participar nun concurso internacional de deseño de moda. É un concurso destinado a novos deseñadores menores de 35 anos que comercializasen a súa colección (aínda que sexa a pequena escala) ou que non tivesen a oportunidade de lanzar a súa colección no mercado pero contén cunha expe



riencia mínima de 3 anos na industria da moda.

O concurso conta cunha dotación económica, repartida en dez prestacións de 9.000 euros, para cada un dos seus dez finalistas, e nun primeiro premio de 300.000 euros, que distingue o máis destacado de todos os candidatos.

• **Data de inscrición:** Do 15/3/2013 ao 15/5/2013

Encontrarás máis información na páxina web: <http://www.mangofashionawards.com>.

IV concurso de viñetas "Pola igualdade real"



Venres, 08 Marzo 2013 07:38

A *Deputación Provincial da Coruña* convoca o **IV concurso de viñetas "Pola igualdade real"** (http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2013/03/08/2013_0000002833.html).

O obxecto do certame é empregar a viñeta ou tira de viñeta (máximo 6 viñetas) para reflexionar sobre a importancia de visibilizar o papel da muller no medio rural, fomentar o seu empoderamento, liderado e participación social en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Poderán participar todas as persoas físicas con idades comprendidas entre 12 e 18 anos, de calquera nacionalidade, que se presenten individualmente ou en grupo.

Cada participante/s só poderá presentar unha única obra orixinal e inédita escrita en galego e non premiada con anterioridade.

• Temática:

- Visibilización do rol das mulleres no medio rural. Reflexión sobre o traballo produtivo adicado en especial medida ás explotacións agro-gandeiras versus o traballo reprodutivo relativo ao coidado dos/as nenos/as, persoas maiores e/ou persoas dependentes.
- Contribución das mulleres no medio rural ao desenvolvemento económico, social, cultural e ambiental, así como reflexionar sobre a achega das mulleres no rural á modernización e revitalización do medio rural incorporando boas prácticas responsables co ambiente e a creación de novas oportunidades económicas e sociais.
- Estereotipos de xénero no desenvolvemento das profesións no rural. O traballo da muller no medio rural non pode entenderse como complemento do masculino.
- Empoderamento, liderado, participación social das mulleres no medio rural
- Importante labor como portadoras e transmisoras de coñecementos e valores.

• Formato:

A viñeta poderá presentarse en formato, como mínimo DIN A5 e como máximo en DIN A4.

A historia poderá estar composta por unha viñeta ou por un máximo de 6 viñetas cun fío condutor.

Poderá empregarse técnica libre.

A execución do traballo poderá ser manual ou dixital.

A obra presentarse en soporte físico papel.

A obra non poderá ir asinada co nome.

O idioma empregado será o galego.

• **Premios:**


- O primeiro premio consistirá nun IPAD e unha colección de cómics.
- O segundo e terceiro premio consistirá nunha tablet e unha colección de cómics.

Os traballos entregaranse nun sobre pechado no seu exterior indicárase **IV concurso de viñetas "Pola igualdade real"** e un pseudónimo como identificador do traballo. Dentro deste sobre irá o traballo e un sobre pechado co pseudónimo no exterior, e no seu interior a folla de aceptación dos compromisos e autorización de datos da carácter persoal cos datos requiridos.

O **prazo** de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o **8 de abril de 2013**.

Máis información no BOP da Coruña do 8 de marzo de 2013 e en: www.dicoruna.es.

Cartel para o II Sardines on Fire



Luns, 11 Marzo 2013 09:43

O Concello de Sada convoca un **concurso de deseño do cartel** para o II Sardine on Fire (http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2013/03/11/2013_0000002876.pdf).

• **Participantes:**

Poderán participar todas aquelas persoas interesadas, coa condición de ser maiores de idade.

A participación será mediante correo electrónico, utilizando a dirección: concursos@concellodesada.com.

• **Requisitos:**

Cada participante poderá enviar tantas propostas como desexe.

Os carteis deberán ser deseños orixinais.

As propostas deberán estar orientadas a servir de imaxe do II Sardines on Fire, como soporte publicitario para a difusión do festival.

Os deseños de cartel deberán estar en formato JPG, PNG ou similar.

O tamaño máximo admitido será de 10 Mb.

O **prazo de recepción** de deseños rematará ás 00.00 horas do vindeiro **18 de marzo de 2013**.

O **premio** para o deseño gañador será de 150 € e unha entrada dobre para asistir ó festival.

Máis información no BOP da Coruña do 11 de marzo de 2013 e na OMIX de Sada, 981 620 331

Premios Xuvenis "Aspirantes Adobe".



Luns, 11 Marzo 2013 09:48

Para xóvenes entre 13 a 19 anos de idade a nivel internacional. Está dirixido o concurso para que os xóvenes expresen a súa visión creativa para impulsar o cambio nas comunidades locais a través do ensaio fotográfico, vídeos de música e outras formas de narración visual.

O concurso ten oito categorías que van desde vídeos musicais hasta foto-ensayos.

O **prazo** de inscrición é ata o **19 de abril de 2013**. Máis información: www.injuve.es.

VIII Certame cadernos de viaxe.



Luns, 11 Marzo 2013 09:56

O Concello das Rozas, convoca 3 categorías: caderno de viaxe, caderno dixital e album fotográfico. As fotos presentaranse sen ningún tipo de soporte.

Os **premios** son de **300 euros**.

Máis información: www.rozasjuven.es.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Traballador/a social para o Concello de Sada

Mércores, 06 Marzo 2013 09:25

O Concello de Sada fai unha convocatoria para cubrir en réxime de interinidade unha praza de Traballador/a social.

• **Requisitos:** título de diplomatura universitaria en traballo social, do título de grao en traballo social, ou equivalentes.

O **prazo de presentación** de solicitudes permanecerá aberto ata o **14 de marzo de 2013**.

Máis información no BOP da Coruña do 6 de marzo de 2013 e no OMIX de Sada, teléfono 981 620 331

Dous subalternos para o Concello do Rosal

Venres, 08 Marzo 2013 07:51

O *Concello do Rosal* fai unha convocatoria para cubrir 2 prazas de Subalternos a xornada completa, durante o tempo que dure o peche na Casa Consistorial da Plataforma de Afectados polas Participacións Preferentes e Subordinadas do Baixo Miño.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **13 de marzo de 2013**.

Máis información no BOP de Pontevedra do 8 de marzo de 2013 e en: www.concellodorosal.es.

Convocadas 3 prazas na Escola Municipal de Música do Concello de Vitoria.

Venres, 08 Marzo 2013 12:38

O *Concello de Vitoria* convoca para a *Escola Municipal de Música "Luis Aramburu"*, 3 prazas de mestres da plantilla de persoal laboral fixo, polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo de presentación** de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 8 de marzo de 2013.

Convocada 1 praza temporal para enxeñeiro de camiños, canais e portos na UDC.

Venres, 08 Marzo 2013 12:42

A *Universidade da Coruña*, convoca 1 praza temporal (5meses e 19 días) como colaborador en proxectos de investigación.

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días despois da publicación da oferta.

Oferta publicada o 8 de marzo na pax. www.udc.es

Convocada 1 praza temporal para enxeñeiro técnico en informática na UDC.

Venres, 08 Marzo 2013 12:43

A *Universidade da Coruña* convoca o 5 de marzo , 1 praza temporal (3 meses) como colaborador en proxecto de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 10 días desde a publicación.

Máis información: www.udc.es.

Convocada 1 praza temporal para licenciado en bioloxía ou química na UDC.

Venres, 08 Marzo 2013 12:45

A *Universidade da Coruña*, convoca o día 3 de marzo de 2013 1 praza temporal (6 meses), como colaborador en tarefas de proxecto de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é 10 días a partir da publicación.

Máis información: www.udc.es.

Convocadas 2 prazas para enxeñería informática na UDC.

Venres, 08 Marzo 2013 12:46

A *Universidade da Coruña*, convoca 1 praza para enxeñeiro informático ou de telecomunicacións(5 meses) e outra de enxeñeiro de telecomunicacións (7,5meses).

O **prazo de presentación** de solicitudes é 10 días a partir da publicación.

Máis información: www.udc.es.

Convocada bolsa de emprego diversas categorías sanitarias e estatutarias do goberno autonómico de Ca

Luns, 11 Marzo 2013 09:35

As bolsas de emprego convocadas son :Enfermeiro, terapeuta ocupacional, especialista radioterapia e hixiene bucodental, logopeda, administrativo, xestión administrativa, técnico superior en administración sanitaria, traballador social e enxeñeiro técnico.

A valoración nas bolsas é polo sistema de méritos.

Máis información BOCyL do 11 de marzo de 2013.

O **prazo de presentación** de solicitudes é ata o **1 de abril de 2013**.

Convocadas prazas de interinidade para titulados e técnicos superiores de actividades técnicas e pro

Luns, 11 Marzo 2013 09:39

O *Instituto de Saúde Carlos III*, convoca prazas temporais e interinos polo Ministerio de Economía e Competitividade.

O **prazo de presentación** de solicitudes é ata o **15 de marzo de 2013**.

Máis información Centro de Información Administrativa publicado o 8 de marzo de 2013. www.O60.es

Convocada bolsa de emprego para mestres.

Luns, 11 Marzo 2013 09:41

O Goberno Autonómico de Extremadura, convoca bolsas de emprego de persoal funcionario interino de educación infantil, inglés, educación física, música, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e educación primaria.

O **prazo de presentación** de solicitudes é ata o **20 de marzo de 2013**.

Máis información DOE do 8 de marzo de 2013.

Convocadas prazas de Enfermería no Principado de Asturias.

Luns, 11 Marzo 2013 09:42

Convocadas 12 prazas de ATS/DUE como persoal estatutario fixo na Consellería de Sanidade do Principado de Asturias polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo de presentación** de solicitudes é ata o **8 de abril de 2013**.

Máis información BOPA do 8 de marzo de 2013.

.....

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Ofertas do Servizo de Emprego Público 11/03/2013

Tradutores-intérpretes

- Localidade: Sobrado (A Coruña)

nº oferta: 12/2013/752

- Requisitos:

precísase tradutor/a-intérprete para sobrado dos monxes. nivel alto de coreano.

Electricistas e/ou electrónicos de automoción, en xeral

- Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña)

nº oferta: 12/2013/1099

- Requisitos:

necesitase electro-mecánico do automobil para a zona de santiago. oficial de primeira con doce meses de experiencia. fp de electromecánica.

Adestradores de cans

- Localidade: Vigo (Pontevedra)

nº oferta: 12/2013/1133

- Requisitos:

adestrador/a de cans para traballar nun domicilio particular en rexime de aloxamento.

Pavimentadores con lastros

- Localidade: Lugo

nº oferta: 12/2013/1157

- Requisitos:

para realizar pavimentos de resina precisase oficial, 24 meses de experiencia, tpc e curso de prevención de riscos de 50 horas

Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: Ordes (A Coruña)
- Requisitos:
necesítanse cociñeiros/as con experiencia mínima de dous anos.

Camareiros/as, en xeral

- Localidade: Camariñas (A Coruña)
- nº oferta: 12/2013/1203
- Requisitos:
necesítanse camareiros/as con 2 anos de experiencia

Empregados/as de fogar

- Localidade: Oleiros (A Coruña)
- nº oferta: 12/2013/1217
- Requisitos:
necesítase empregado/a de fogar

Axentes de seguros

- Localidade: Celanova (Ourense)
- nº oferta: 12/2013/1219
- Requisitos:
necesítanse axentes de seguros.

Axentes de seguros

- Localidade: Verín (Ourense)
- nº oferta: 12/2013/1230
- Requisitos:
necesítanse axentes de seguros.

Mecánicos/as-axustadores de motocicletas e ciclomotores

- Localidade: Ferrol (A Coruña)
- nº oferta: 12/2013/1240
- Requisitos:
con experiencia en electricidade e electronica.

Reparadores-mantedores de instrumentos musicais

- Localidade: Cambre (A Coruña)
- nº oferta: 12/2013/1246
- Requisitos:
reparador/a montedor/a de instrumentos musicais con coñecementos de soldadura e mecánica xeral e luthería relacionados co clarinete e demais instrumentos da familia de vento-madeira.

Mais Información: Teléfono: 902 125 000.

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX ➔ CASAS DA XUVENTUDE

Obradoiro de minilibretas no E. Xove de Ourense



Mércores, 06 Marzo 2013 12:28

Este venres 8 de marzo de 11 a 13h.

No obradoiro de CREAtividades "minilibretas scrapbooking "
No Espazo Xove de Ourense

O Espazo Xove De Betanzos Ofreceu Unha Charla Informativa Dos Certificados De Profesionalidade De Informador Xuvenil



Venres, 08 Marzo 2013 07:57

O *Espazo Xove de Betanzos*, dependente da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, da *Consellería de Traballo e Benestar*, organizou unha xornada informativa este xoves 7 de marzo, ás catro da tarde sobre a obtención dos Certificados de Profesionalidade de Información Xuvenil.

O **prazo de inscrición** para participar neste procedemento de acreditación será do **1 ao 31 de marzo de 2013**.

Máis de 300 persoas poderán acceder á certificación oficial de informador xuvenil, pioneira en España. Neste senso, a *Consellería de Traballo e Benestar* organiza esta xornada para informar sobre este procedemento.

O departamento autonómico publicou no DOG do 16 de novembro de 2012 a convocatoria do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais para os informadores xuvenís. Galicia é a primeira Comunidade do Estado que lle vai a facilitar aos técnicos da información xuvenil a posibilidade de obter un certificado de profesionalidade.

A Consellería está a levar a cabo xornadas informativas nos distintos *Espazos Xove*, co obxecto de facilitar información sobre o procedemento de asesoramento e avaliación a todos os informadores xuvenís, e aquelas persoas que reúnan os requisitos.

A cualificación profesional de informador xuvenil recoñeceuse no *Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais*, dentro da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, que se publicou no BOE do 9 de maio de 2011.

Con este procedemento de recoñecemento de competencias profesionais Galicia convértese na primeira Comunidade Autónoma en ofrecerlle a posibilidade aos técnicos que levan máis de tres anos de profesión, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total nos últimos 10 anos de obter o certificado de profesionalidade a través da acreditación das súas competencias adquiridas pola súa experiencia laboral ou pola formación obtida a través da educación non formal (xustificaranse polo menos 300 horas nos últimos 10 anos). Neste procedemento poderán obter o certificado de profesionalidade as persoas que acrediten as catro unidades de competencia das que consta. Os técnicos que non poidan completar o proceso poderán obter unha acreditación parcial, podendo posteriormente adquirir as outras. O prazo de inscrición para participar neste procedemento será do 1 ao 31 de marzo de 2013.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net